

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 6 de febreiro de 2008 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2006-2007.

O Ministerio de Educación e Cultura creou mediante a Orde ECD/1696/2002, do 1 de xullo de 2002 os premios nacionais de formación profesional como recoñecemento ao alumnado que rematou os seus estudos de formación profesional específica de grao superior.

Así mesmo, no artigo terceiro, a citada orde establece que poderá concorrer aos premios extraordinarios nacionais o alumnado que resultase merecedor dos premios extraordinarios convocados na súa comunidade autónoma nos termos que se establecen nesa norma.

Na súa virtude, co obxectivo de recoñecer os méritos baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou estudos de formación profesional de grao superior na Comunidade Autónoma de Galicia, cun excelente resultado académico, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso desta habilitación e das atribucións que ten conferidas, e de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócanse premios extraordinarios de formación profesional para o alumnado que realizase os estudos de formación profesional específica de grao superior no curso 2006-2007 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-*Número e recoñecemento.*

1. Poderanse conceder ata vinte e dous premios extraordinarios, un por cada familia de formación profesional específica.

2. O alumnado que obteña o premio extraordinario recibirá un diploma acreditativo e o/a secretario/a do centro docente onde estea depositado o seu expediente anotaralle esa distinción neste último. Así mesmo, o/a secretario/a do xurado de selección farao anotar no libro de cualificacións mediante a dilixencia correspondente. Para iso, os interesados deberán enviar, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación da citada resolución de concesión dos premios, o seu libro de cualificacións ao Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, edificio administrati-

vo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

3. A dotación para os premios será de 16.104 € con cargo á partida orzamentaria 09.02.423A.480.1, que se distribuirán entre os premiados na mesma contía e que non poderá exceder os 732 € por premio. Estas contías estarán suxeitas ás retencións que legalmente lles correspondan.

4. Os/as alumnos/as que obteñan o premio extraordinario de formación profesional poderán concorrer, logo de inscrición, ao correspondente premio nacional.

Artigo 3º.-*Requisitos.*

Poderá optar aos premios extraordinarios de formación profesional o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

1. Ter rematados os estudos de formación profesional específica de grao superior no ano 2007 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ter obtido unha cualificación final media de todos os módulos igual ou superior a 8,5. Esta cualificación final obterase como media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos que compoñen o ciclo formativo, non computándose o módulo de formación en centros de traballo que se cualifica en termos de apto ou non apto, nin os que fosen obxecto de validación.

Artigo 4º.-*Prazo e documentación.*

1. O alumnado que, reunindo os requisitos indicados, desexe optar aos premios extraordinarios, deberá solicitalo na secretaría do centro público de educación en que se atope o seu expediente académico, no prazo de 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

2. Para formalizar a inscrición deberá presentar a seguinte documentación:

a) Folla de inscrición cuberta segundo o modelo do anexo I desta orde.

b) Relación dos méritos que se desexe alegar relacionados co título profesional, de acordo co previsto no artigo 8.1º c) xunto coa documentación xustificativa correspondente. Os méritos deberán acreditarse mediante certificado orixinal ou fotocopias cotexadas das certificacións, no que conste expresamente o número de horas de duración.

c) Fotocopia cotexada do DNI ou pasaporte.

d) Declaración xurada de non ter percibido outros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas doutras comunidades autónomas.

3. Os centros públicos de educación elaborarán e xuntarán á documentación anterior os documentos que a seguir se relacionan:

a) Certificación académica dos estudos obxecto de baremo, onde se reflicte a cualificación final media a que se refire o artigo 3º.2.

b) Certificación oficial que inclúa nota media da proba ou dos estudos que lle permitiron o acceso ao ciclo de formación profesional específica polo que opta ao premio extraordinario.

c) Documento xustificativo da transferencia de datos que se imprime unha vez introducidos na aplicación informática <http://www.edu.xunta.es/premiosfp> por solicitude do alumnado.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na citada páxina web.

5. Sen prexuízo do anterior, o alumnado poderá presentar a documentación na forma prevista no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Artigo 5º.-*Tramitación de solicitudes.*

Os centros públicos de educación que posúan solicitudes de inscricións remitirán a documentación por correo urxente e tramitaran a través dunha aplicación informática situada no portal educativo <http://www.edu.xunta.es/premiosfp>, ata o día seguinte ao de finalización do prazo de solicitude.

Artigo 6º.-*Emenda e mellora da solicitude.*

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, se a solicitude de inscrición non reunise os requisitos precisos ou non se acompañase da documentación indicada no artigo anterior, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa petición ou, se é o caso, non se valorarán os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Artigo 7º.-*Xurado de selección.*

1. Para a análise e valoración das solicitudes constituirase un xurado de selección presidido pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa na que delegue, e integrado polo xefe de servi-

zo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, o xefe de servizo de Formación Profesional, e funcionarios dos corpos de inspectores de educación e/ou profesores de ensino secundario das especialidades de formación profesional específica, designados polas direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa, e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Actuará como secretario do xurado, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Artigo 8º.-*Baremo das solicitudes.*

1. Os premios concederanse en réxime de concorrencia competitiva. Na valoración final o xurado terá en conta os seguintes méritos:

a) Nota media do expediente académico do ciclo de formación profesional específica polo que se opta ao premio extraordinario.

b) Nota media da proba ou dos estudos que lle permitiron o acceso ao citado ciclo (bacharelato, formación profesional de segundo grao, outro ciclo, proba de acceso, etc.).

c) Outros méritos relacionados co título profesional.

Para os efectos de valoración só se terán en conta as actividades relacionadas directamente cos contidos do ciclo formativo correspondente e obtidos con posterioridade a súa matrícula e finalizados antes do 31 de decembro de 2007.

I. Os cursiños organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades, desenvolto durante o período en que se cursaron os estudos que posibilitan a presentación a esta convocatoria valoraranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de formación, ata un máximo de 8 puntos.

II. Outras actividades de formación valoraranse con 0,1 puntos por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 2 puntos.

2. Cada curso dunha lingua estranxeira de ensinanza oficial na escola de idioma coa cualificación apto valorarase como 120 horas da epígrafe 1-c-I.

Os cursos de linguas estranxeiras, TIC e prevención de riscos laborais considéranse actividades relacionadas con todos os ciclos.

Se o/a alumno/a realiza o ciclo en máis de dous cursos académicos, só se valorarán os cursiños realizados nos dous últimos.

3. As epígrafes 1.a), 1.b) e 1.c) deste artigo estarán expresadas numericamente do 0 ao 10 con dúas cifras decimais.

4. A valoración final expresarase numericamente con dúas cifras decimais e será o resultado de aplicar os factores de ponderación recollidos no anexo II: 75% do número 1.a), 10% do 1.b) e 15% do 1.c).

5. O xurado resolverá os empates tendo en conta os seguintes méritos e por esta orde:

a) Nota media da epígrafe a do número 1 deste artigo.

b) Cualificación do módulo de proxecto integrado, no caso de que forme parte de todos os ciclos da mesma familia profesional.

c) Nota media da epígrafe b) do número 1 deste artigo.

d) Outros méritos relacionados co título profesional.

6. O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

Artigo 9º.-Proposta de concesión dos premios e publicación da resolución de adxudicación.

1. Antes dun mes a partir do remate do prazo de solicitude o xurado de selección confeccionará unha acta provisional coas puntuacións finais dos aspirantes e os méritos xustificadas. Os resultados coas cualificacións provisionais publicaranse no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Os interesados poderán reclamar por escrito contra a puntuación outorgada polo xurado de selección mediante instancia dirixida ao seu presidente, no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da publicación das cualificacións provisionais, e remitida á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, edificio administrativo, San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar, C.P. 15781 Santiago de Compostela. Copia da cal poderá enviarse ao fax 981 54 65 42.

3. Unha vez resultas as reclamacións, o xurado elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios; os resultados coas cualificacións definitivas dos aspirantes publicaranse no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A acta orixinal quedará arquivada na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e remitirase copia á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais así como ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4. De acordo coa proposta feita polo xurado de selección, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará a dita proposta para a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

5. O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses, desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria, tendo efectos

desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Artigo 10º.-Recurso contra a resolución.

Contra a devandita resolución de adxudicación dos premios poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo, prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Artigo 11º.-Compatibilidade con outros premios.

A obtención dos premios extraordinarios será incompatible coa percepción doutros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas doutras comunidades autónomas.

Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios e, en todo caso, a obtención concorrente doutros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas doutras comunidades autónomas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13º.-Obrigas dos gañadores.

O alumnado gañador dos premios terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e/ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar cantas normas sexan oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
 ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED311B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELLIDOS		NOME		NIF
[]		[]		[]
DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO (PARA EFECTOS DE COMUNICACIÓN)	
[]	[]	[]	[]	
LOCALIDADE			PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
[]			[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO		CENTRO EN QUE CURSOU OS ESTUDOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA		
[]		[]		
IES AO QUE ESTÁ ADSCRITO (SÓ PARA ALUMNOS DE CENTROS PRIVADOS)				
[]				
LOCALIDADE		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
[]		[]	[]	
FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA (FPE):				
FAMILIA PROFESIONAL	[]			
CICLO FORMATIVO	[]			

Desexa tomar parte no concurso para a obtención dos premios extraordinarios de formación profesional convocados pola Orde do _____ de _____ de 200__ para o que xunta a seguinte documentación (indicar cun X):

- FOTOCOPIA COTEXADA DNI OU PASAPORTE.
- DECLARACIÓN XURADA DE NON TER PERCIBIDO OUTROS PREMIOS CONVOCADOS CO MESMO FIN POLAS ADMINISTRACIÓNS EDUCATIVAS DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS
- DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOUTROS MÉRITOS RELACIONADOS CO TÍTULO PROFESIONAL (NOME E NÚMERO DE HORAS DO CURSO):

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 6 de febreiro de 2008 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2006-2007.</i></p> <p><i>De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.</i></p>
<p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____, de _____ de _____</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

Director/a xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO II

Baremación dos expedientes e outros méritos

Mérito	Documento acreditativo	Ponderación
Nota media do expediente académico dos estudos de formación profesional específica de grao superior	Certificación académica.	75%
Nota media dos estudos que lle permitiron o acceso aos estudos de formación profesional específica (bacharelato, formación profesional de segundo grao outro ciclo, nota da proba de acceso, etc...)	Certificación oficial.	10%
Outros méritos relacionados co título profesional.	Certificación oficial ou fotocopia cotexada do documento xustificativo.	15%

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 4 de febreiro de 2008 que ten por obxecto regular as condicións para a elaboración dunha prelación, en réxime de concorrencia competitiva, dos polígonos industriais ou parques empresariais nos concellos solicitantes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que esta consellería vai proceder ao desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á internet de banda larga, no marco do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información e se procede á súa convocatoria (código procedemento IN527A).

A Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia aprobaron o Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010, coa misión de contribuír activamente ao desenvolvemento sustentable de Galicia, de xeito que se garanta de forma real a compatibilidade entre o crecemento económico, e a creación de emprego de calidade, os maiores niveis de progreso e cohesión social no conxunto da cidadanía galega, e a preservación do medio ambiental, cultural e lingüístico propio. O PEGSI recolle como estratexia transversal o desenvolvemento de infraestruturas para a Sociedade da Información.

Desde a Consellería de Innovación e Industria, órgano da Xunta de Galicia que, segundo o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas as competencias de fomento e impulso da sociedade da información, considérase que neste labor debemos invitar a colaborar aos concellos, para que as actuacións que estean considerando promover con estes obxectivos, poidan ser coordinadas e apoiadas desde esta consellería.

A Consellería de Innovación e Industria está a apostar firmemente polo desenvolvemento da sociedade da información na sociedade galega en xeral e, dun xeito especial, pola extensión da banda larga a todos os sectores sociais e económicos galegos. Feito que, máis alá dos tópicos sobre a desexable xeneralización do uso das novas tecnoloxías, debe crear plataformas tecnolóxicas competitivas, xerar riqueza que se manifeste en creación de postos de traballo; contribuír a que as empresas sexan máis produtivas e competi-

vas, a acadar máis benestar, igualdade social, cohesión territorial e mellor calidade de vida.

A sociedade da información está a comportar profundas transformacións en todos os aspectos do contorno actual: a economía, o traballo, a política e a educación, polo que exige aos axentes implicados no seu desenvolvemento un esforzo para potenciar e mellorar os ratios de utilización destas novas tecnoloxías. Os cambios tecnolóxicos da sociedade da información, implícitos nestas tecnoloxías, incrementan a complexidade e velocidade do contorno de traballo, facéndose evidente a necesidade dunha forza de traballo cualificada, obrigando ao acceso, ao manexo e ao control das novas tecnoloxías como factor diferencial.

Por outra banda, o espallamento, tanto social, como das infraestruturas produtivas de Galicia, unido as dificultades inherentes ao despregamento de redes de telecomunicacións, particularmente de acceso a internet mediante banda larga, son uns dos grandes obstáculos cos que se atopa a nosa comunidade para o seu desenvolvemento económico e, consecuentemente, son obstáculos para a xeración de riqueza e para acadar maior benestar social.

Con esta finalidade e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e obxecto do procedemento.

Esta orde ten por obxecto regular as condicións para a elaboración dunha prelación, en réxime de concorrencia competitiva, dos polígonos industriais ou parques empresariais dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia solicitantes, nas que a Consellería de Innovación e Industria vai proceder, mediante un concurso público, á adquisición e implantación de subministracións coa finalidade de desenvolver redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á internet de banda larga, no marco do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (código procedemento IN527A).

Como resultado desta orde, a Consellería de Innovación e Industria elaborará a prelación dos polígonos industriais e parques empresariais de Galicia, nos que se realizarán os referidos despregamentos de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á internet de banda larga durante o período de execución do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010.

Artigo 2º.-Procedemento.

O procedemento para a valoración dos polígonos industriais ou parques empresariais dos concellos solicitantes, nos que a Consellería de Innovación e Industria vai proceder ao desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á internet de banda larga, será o de réxime de concorrencia competitiva.

Esta convocatoria ten por finalidade a valoración, de acordo con criterios establecidos no artigo 14º, dos